


CONSIDERACIÓNS FINAIS

SOBRE O INFORME DO PROCESO PARTICIPATIVO PARA A ESCOLLA DE USOS DUN FUTURO EQUIPAMENTO MUNICIPAL NO ENTORNO DA PRAZA MAIOR



inzaRede

Traballo e xestión no eido social

CONTEXTUALIZACIÓN

O presente documento parte da vontade de tentar da un mellor encaixe e acomodo, ás propostas e demandas da cidadanía, recollidas durante o proceso participativo realizado durante os meses de marzo e abril do presente ano, especificamente concernentes aos posibles servizos e actividades (espazos culturais, eventos para os rapaces e nenos...), que un equipamento municipal podería ofrecer no entorno da Praza Maior, con aqueles outros aspectos máis técnicos e concretos (en que andar ubicar ditas actividades ou a preservación de espazos máis discretos para a prestación de determinados servizos), que dito edificio debería contemplar no seu deseño e planteamento, e que a modo de propostas e suxerencias, trataráanse de expor aquí sen limitar as posibles modificacións que puidesen xurdir no momento da redacción definitiva do proxecto.

REPASO DAS CONCLUSIÓNS EXTRAÍDAS

Co ánimo de non repetir nen duplicar contidos, pero coa intención de amosar de xeito sintético e concreto as principais propostas, suxerencias e demandas, máis repetidas e destacadas, e que polo tanto son asumidas como conclusións, enumeramos as seguintes:

- A postura do comercio da zona, é a de primar os estímulos sobre a poboación “activa” -traballadores con capacidade adquisitiva-, fronte outros colectivos cunha, a priori, menor capacidade ou tendencia de “consumo”, como os menores de idade ou xubilados. Porén, cabe sinalar, que se hai cativos, tamén haberá perto “pais, avós ou outros adultos coidadores”
- Precisamente, unha das principais demandas, que destacou por enriba doutras, foi a necesidade de implementar actividades e servizos destinados a dar satisfacción ás demandas para os mozos e os máis cativos
- No que ás puntuacións máis altas de apoios se refire, destacan propostas concretas como a creación de obradoiros vencellados coa fotografía, as TIC ou o audiovisual, pero ante a pregunta de cales serían as actividades máis acaídas para esta parte da cidade, os participantes, sinalaron a creación dun punto de lectura, clases de apoio ou formación para adultos, é dicir: prevaleceron os usos “máis sociais”, sobre outros máis “técnicos ou formativos”.
- Neste senso, cumpre lembrar tamén aquí, unha das propostas xa recollidas na primeira parte do informe, sobre a idoneidade de poder trasladar ao entorno da Praza Maior, moitos ou algúns dos servizos sociais ubicados en Canedo (como os empregados polos usuarios de Menela, AFAGA...) xa que trataríase dun colectivo relativamente numeroso -si lle engadimos as familias de “Aveláña”- e que cumprirían co obxectivo de dinamizar esta parte da cidade, coa súa asistencia ás sesións de

atención e terapia, evitando ao mesmo tempo, cando menos no caso dos que tamén son residentes do casco urbano, un bo número de desprazamentos en vehículo privado ás aforas da vila.

PRINCIPAIS DEMANDAS POR FONTE DE CONSULTA

ENTREVISTAS A TRABALLADORES MUNICIPAIS	Espazo para a conservación e consulta de documentos hcos municipal /Anexo administrativo para a tramitación de carnés de identidade / Espazo para nenos e mocidade
ENTREVISTAS A REPRESENTANTES POLITICOS	Completar e paliar as necesidades existentes nos actuais locais e espazos que prestan apoio a colectivos vulnerables e con necesidades especiais / Espazo de seu para as comunidades de montes e asociacións.
CONSULTA ONLINE	Actividades e servizos para os máis cativos e a mocidade.
CUESTIONARIOS A LOCAIS	Actividades ou servizos que atraian tanto parellas ou familias xóvenes, como a potenciais consumidores ou colectivos en "idade activa"
OBRADOIROS	Espazo para colectivos con necesidades especiais: formación, acompañamento, reforzo...

Como se deduce da primeira parte deste informe, e de xeito sintético, no cadro anterior, esencialmente plantéase que o uso principal sería o vencellado a poboación mais dinámica, en especial a mocidade pero incorporando usos ligados a colectivos vulnerables, sen renunciar a servizos propios do concello para atender a cidadanía.

De xeito resumido poderíase establecer o seguinte cadro:

Usos prioritarios	MOCIDADE E ACTIVIDADES	Ratio Superficie 300- 600 m2
Usos demandados	SERVIZOS SOCIAIS	Ratio Superficie 300- 900 m2
Usos Complementarios	SERVIZOS AO CIDADAN	Ratio Superficie 300- 1000 m2

De xeito detallado e considerando unha área de poboación que atinxe directamente arredor dos 13.000 habitantes (os residentes no casco urbano) ademais de posibles asistentes ocasionais do resto das parroquias, plantéase a seguinte distribución orientativa de superficies e usos en base os resultados do proceso participativo:

	Función	Sup. Mínima (m²)	Sup. Óptima (m²)
Usos Prioritarios	Recepción e control	20	30
	Aula de usos múltiples	120	240
	Aulas para talleres	80	150
	Cursos de formación	60	120
	Oficinas compartidas/Hotel de asociacións	40	60
	Servizos do edificio	40	60
	Subtotal	360	660
Usos Demandados	Espazo de lectura	30	60
	Ludoteca	60	120
	Espazo para colectivos vulnerables	200	750
	Subtotal	290	930
Usos Complementarios	Espazo para trámites administrativos	50	100
	Zona consulta documentos hcos.	250	900
	Subtotal	300	1000
+Superficie de circulación (Pasillos, elevadores, escaleiras...)	Subtotal	240	650
	TOTAL	1190	3240

Os espazos arriba sinalados, deberían ter unha configuración dentro do equipamento acorde a cada un dos usos para os que son destinados, convendo lembrar que particularmente, algúns usos poden ser incompatibles con outros.

O **acceso** ao edificio -seguido de recepción e control-, debe de ser un espazo amplo e accesible para todo tipo de persoas, permitindo unha axeitada distribución das estancias que permita ao usuario orientarse debidamente hacia o lugar ao que desexa dirixirse.

Os **servizos** deben de estar adaptados para persoas con mobilidade reducida e situados nun lugar de fácil conexión dende calquera punto do equipamento. Así mesmo, os almacéns deben de situarse preto dos espazos que máis poden facer uso del, como pode ser a aula de usos múltiples.

Dita **aula de usos múltiples**, debe de tratarse como un espazo no que se poden resolver diversas actividades, co cal debería ser o o máis diáfano posible, con entrada de luz natural e ventilación, dotada dunha entrada ampla dende o interior, permitindo así a posibilidade da incorporación de diferentes elementos no interior da sala. No caso de ser posible, podería compartimentarse. Este aula debe ter unha altura considerable e ser o centro de funcionamento do edificio, xerando un espazo en permanente transformación.

O espazo destinado a **aula para talleres** debería dispór dunha adecuada entrada de luz natural e artificial, así como un mobiliario que permitise cambiar a configuración da aula en función do taller a desenrolar nela, creando espazos de traballo que se poidan realizar de pé ou sentados. Se existise a posibilidade de que se desenvolvan talleres que impliquen o uso de maquinaria (talleres de ebanistería, carpintería, cociña...) tamén debería de ter en conta a necesidade de illar este aula acusticamente.

De igual xeito, no que ás aulas para os **cursos de formación** se refíre, sería convínente tamén, tanto contar cunha entrada de luz natural, con opción de ser modificada (xa que para o uso de dispositivos informáticos, a entrada de luz directa dificultaría as proxeccións), como que este aula estivera afastada da rúa, ou ben protexida acusticamente para favorecer a mellor acústica no seu interior.

O **punto de lectura** poderíase pensar coma un lugar amplo no que o propio mobiliario configure o espazo. Sendo necesaria unha correcta iluminación natural e artificial, si e posible orientado a norte, e afastado de ruídos procedentes da rúa, tentando buscar unha disposición dentro do equipamento afastada da sala de usos múltiples, por ser un uso que pode xerar máis molestias.

As **oficinas compartidas ou hotel de asociacións**, poderían resolverse dentro dun mesmo volume común que se compartimente mediante unhas separacións moi lixeiras, que permitisen a entrada de luz natural e a correcta ventilación de cada unha.

No que ao uso de **ludoteca** se trata, debe térsese en conta que ao ser destinada a nenos de distintas idades, debería tratarse dunha área que permita distintos usos, polo que o máis acaído podería ser crear unha zona de xogos e outra de actividades -todo dentro do mesmo espazo- que estaría dotado de luz natural e ventilación, evitando as fiestras baixas cara a rúa, para preservar a privacidade e seguridade dos menores.

O **espazo colectivo** para usuarios de colectivos vulnerables poderíase situar próximo á ludoteca, o cal permitiría a realización de certas actividades conxuntas. Seguindo un esquema de distribución similar o anteriormente descrito, creando un espazo de actividades e outro de esparcemento, permitindo a entrada de luz natural e evitando as xanelas baixas cara a rúa.

No caso de poder ubicar tamen **usos administrativos**, estes trámites sería positivo que se ubicasen próximos ao acceso do edificio, sendo así o máis directo posible para as persoas que se achegan ao equipamento co gallo de realizar esas xestións.

Por último, a **zona de consulta dos arquivos históricos do Concello** contará cun espazo de control de acceso aos fondos, sala de lectura e zona de reprografía. De xeito complementario será necesario un espazo de certo volume sen necesidade de iluminación natural pero si con control de ventilación e humidade. Sería necesario un axeitado acceso rodado o mediante medios mecánicos para a introdución do material.

MEDIDAS PARTICULARES A IMPLEMENTAR, PARA AS DEMANDAS E PROPOSTAS EXPRESADAS

Así pois, e asumindo a encomenda das persoas que fixeron parte do proceso participativo, e ao abeiro duns resultados nos que se recolle a vontade de priorizar os usos de mocidade, xunto aos de servizos sociais e orientados aos coidados, fronte aos usos máis relacionados coa formación e usos administrativos, cumpriría ter en conta as seguintes suxerencias a adoptar na redacción do proxecto:

1. SEGREGACIÓN DE ESPAZOS SEGUN DESTINATARIO

Necesidade de separar ou segregar na medida do posible, as zonas lúdicas ou planteadas para eventos culturais, ou de presentación de servizos informativos ou burocráticos de cara á cidadanía (a posible habilitación dun “espazo temporal” para a tramitación de carnés de identidade, por exemplo)

2. CONTAR CUN ACCESO SECUNDARIO MAIS PRIVADO.

Tomar as medidas que sexan pertinentes e máis acidas (entradas e saídas alternativas, por exemplo), para facilitar a comodidade e intimidade, daqueles usuarios que acudan por motivos que impliquen unha “especial” atención (entrega e recollida de menores de idade con custodia compartida, saúde mental, perceptores de axudas sociais...)

3.ESPAZO POLIVALENTE PARA A REALIZACION DE ACTIVIDADES

Plantear a posible apertura dunha zona ampla e polivalente que permita distintos usos e actividades (presentacións de libros, charlas, actuacións musicais...) o máis perto posible da entrada, e coa máxima accesibilidade posible, e que implique as menores molestias e distraccións aos usuarios das restantes áreas.

4.USOS COMPARTIDOS E HORARIOS VARIABLES.

Habilitar oficinas compartidas “por días, horarios ou períodos de tempo concreto”, que permitan un uso rotativo e libre de colectivos ou entidades, que polas súas características, dimensións, ou escasas xuntanzas, non dispoñan de locais propios (comunidades de veciños, propietarios...).

DERRADEIRAS CONCLUSIÓNS E CONSIDERACIÓNS

A construción dun novo “edificio dinamizador” na zona no entorno da Praza Maior conta cun amplo respaldo cidadán e dos propietarios dos locais do ámbito; considerase tamén unha necesidade para Pontearreas, que non conta no centro urbano cun espazo axeitado para a realización de actividades para a veciñanza. Nomeadamente, detectase unha importante carencia de espazos adicados a servizos sociais, en especial vencellados aos colectivos máis vulnerables, polo que tamén cumpriría atender esta demanda. Por último, existen outros servizos públicos concretos, especialmente ligados á hemeroteca-consulta de documentos históricos, que sería convínente pór a disposición da cidadanía no caso de existir espazo para acollelos.

O primeiro bloque, para actividades da veciñanza, podería artellarse arredor dun centro para a mocidade sen que isto tivese carácter excluinte para outros usos. No caso de resolverse estas funcións noutro edificio, ou obter un inmovible con superficie suficiente para encaixar mais dun uso, incluíriase tamen algúns dos espazos adicados a servizos sociais que hoxe non existen na vila, (ditos espazos, sería conveniente que tivesen unha circulación diferente ao uso público do espazo para a mocidade). Por último, no caso de contar con espazos non habitables –sen iluminación directa-, poderíase contemplar nos mesmos a ubicación da hemeroteca-consulta de documentos históricos e servizos complementarios.